



No día de onte o SERGAS achegounos un documento que denominou “ [Nota informativa respecto á indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos profesionais de enfermaría do Sistema Público de Saúde de Galicia](#) ”, en relación co Real Decreto 954/2015, do 23 de outubro.

Este documento está asinado polo Sr. Conselleiro de Sanidade, e vennos dicir que, **en vista de que o Decreto non se pode cumprir, sigamos a traballar coma sempre**, tendo a precaución de usar as vías oficiais para o rexistro das ordes médicas.

Temos que valorar a interpretación que fai do decreto como unha interpretación lóxica e non xurídica, dando a entender que como non se cumpren os requisitos do decreto porque está sen desenvolver, non pode haber ningunha implicación legal.

Desde a **CIG** discrepamos disto por varias cuestións, e a primeira delas é a falta de acreditación do persoal, xa que consideramos que o título facilitado polos Colexios de Enfermaría non está homologado polo Ministerio de Sanidade, e por riba entendemos que é o SERGAS quen ten que facilitar a acreditación coa garantía de que todo persoal conte con este requisito, cousa que a día de hoxe non acontece.

Hai que recoñecer que agora mesmo a enfermaría ten o aval da sinatura do Conselleiro para levar adiante as vacinacións, a atención urxente, o uso de produtos sanitarios de uso humano nas curas e outros procedementos sobre os/as doentes, ademais de contar co seguro de Responsabilidade Civil da Xunta.... entendemos que **no caso dunha denuncia o Conselleiro**

será o primeiro é o último responsable

Queda demostrado que, dende logo, quen legisla non ten en conta para nada a realidade sobre a que legisla, fai a norma produto de presións institucionais e políticas, pero para nada favorece aos/as doentes, nin aos/as profesionais.